



## Encontro da Rede estatal de cidadáns contra a incineración

Os días 18 e 19 de maio tivo lugar en Madrid unha reunión da Rede de cidadáns contra a incineración, na que participaron membros de ADEGA. Nela analisouse a situación das incineradoras en funcionamento e dos proxectos en marcha no Estado. Actualmente están en funcionamento unhas 20 instalacións de incineración de Resíduos Sólidos Urbanos, ás que teríamos que sumar un longo número de pequenos fornos incineradores de residuos hospitaláricos e de residuos industriais.

Desas 20 incineradoras en funcionamento, 6 están pendentes de clausura, polo que serán pechadas proximamente. Outras instalacións foron xa pechadas, como é o caso da de Vigo, Valdemingómez (Madrid) ou Palma de Mallorca, esta última de residuos sanitarios.

Nos últimos anos ven-se dando unha ofensiva das empresas que comercializan esta tecnoloxía para instalar novas incineradoras. Existen concretamente un total de 18 proxectos de incineradoras de lixo, dos cales xa foron rexeitados definitivamente 7, por causa da oposición popular. Os restantes están na fase prévia ao proxecto, como é o caso da incineradora proposta por SOGAMA para Cerceda, están en construción, ou temporalmente paralizadas, como ocorre coa de Rivas-Vaciamadrid.

No transcurso do encontro debatíronse as experiencias de diferentes colectivos de todo o estado, e presentáronse materiais audiovisuais elaborados coa finalidade de informar á poboación. O problema ambiental e sanitario derivado das emisións contaminantes polas incineradoras recibiu a maior atención, sen descuidar as diferentes alternativas de solución do problema do lixo, a través da estratexia das 3Rs (Redución, Reutilización e Reciclaxe), e a necesidade de recuperar e conservar os recursos e materias primas que van no lixo. Fixo-se un repaso dos graves problemas que as DIOXINAS encerran para a saúde, en base ás últimas investigacións científicas e á valoración feita pola EPA, que neste momento está a chegar ao seu punto final. As últimas investigacións confirman unha vez máis o grave impacto das emisións de dioxinas na saúde humana: cancro, deterioro do sistema inmunolóxico, afeccións no sistema hormonal e reprodutor, etc.

ADEGA informou do risco ambiental e sanitario que a construción dunha incineradora causaría para toda a poboación da comarca de Cerceda e bisbarra. Está constatado como a vía fundamental de entrada de dioxinas e outros contaminantes no corpo humano ten lugar a través da súa acumulación nos alimentos: leite, carne, peixe, hortalizas... A incineradora supón por tanto unha amiaza directa para esta comarca, atinxindo ademais ás poboacións de Santiago e A Coruña, en función do rexime dominante de ventos. Lembramos que o encoro de Cecebre se acha a poucos quilómetros ao norte de Cerceda, na dirección predominante dos ventos no inverno, e que as augas do Tambre proceden en boa parte da comarca directamente afectada pola incineradora.

Ademais deste proxecto de macro-incineradora para Cerceda, na Galiza están-se a queimar residuos en varios hospitais, onde hai fornos incineradores altamente contaminantes: Gil Casares (Santiago), Juan Canalejo (A Coruña), Policlínico de Ferrol, etc. Asimismo, están-se a queimar aceites de automoción e outros nas instalacións de cerámicas Campo ("Protección Medioambiental S.L.") en Laracha e en Cambados. ■